

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vista e comprobada a relación de facturas que a continuación se relaciona a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondentes aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, aprobadas polas Xuntas de Goberno Local en sesións coas seguintes datas 20/11/2023 e 26/12/2023, que se presenta para a súa contabilización o seu recoñecemento da obriga, no programa contable da Fundación de Deportes e, o seu pagamento en Formalización, por importe total de 581,39 €:

<u>Nº FACTURA</u>	<u>PERIODO</u>	<u>IMPORTE</u>
CI0921562934	08/08-07/09/2023	105,71 .-
CI0921709923	08/09-07/10/2023	105,71 .-
CI0921857025	08/10-07/11/2023	105,71 .-
CI0922004413	08/11-07/12/2023	<u>264,26 .-</u>
Total		581,39 €

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a relación de facturas a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., co desglose anteriormente sinalado, correspondentes aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, aprobadas polas Xuntas de Goberno Local en sesións coas seguintes datas 20/11/2023 e 26/12/2023, por importe total de 581,39 €, con cargo á partida 341-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de



Arousa, a 29 de decembro de dous mil vinte e tres, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito por Dna. Iria Somoza Paz en representación da Asociación Equipo Nómada e coa colaboración coa Asociación Núcleo Gicap Artes Marciais Mixtas, no que solicita para a celebración do 1º Taller Solidario de Defensa Persoal, co fin de recaudar todos os fondos posibles para a campaña de cirugía de pé zambo infantil en Bikop (Camerún) en febreiro de 2024 e, que se vai a levar a cabo no vindeiro 20 do presente mes nas instalacións da Asociación Núcleo Gicap, a colaboración da Fundación de Deportes coa confección de dúas lonas cos logos dos organizadores para dar visibilidade o evento, así como coa cesión de mesas e augas para os participantes no mesmo.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a cesión de 3 mesas, e que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

Así como, a Fundación de Deportes dispón dunha remesa de auga para eventos, polo que se poden ceder 150 botellíns, para o avituallamento dos participantes no citado evento.

2.- Tras as conversas mantidas co Departamento de Comunicación do Concello, pódese acceder a confección das dúas lonas publicitarias para dar visibilidade ao evento.

3.-Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezasete de xaneiro de dous mil vinte e catro, ante min a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistos os escritos do CLUB AROSA S.C. no que solicita, autorización para a instalación dun video marcador de pantalla led no Estadio Municipal A Lomba, para a millora de instalación e fomentar durante o desenvolvemento dos encontros un ambiente máis distendido e ameno, así como xerar unha fonte de ingresos ao clube dada a visibilidade de publicidade de distintas empresas que aparecerán na mesma. Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao CLUB AROSA S.C. a instalación dun video marcador no Estadio Municipal A Lomba detrás da bancada este de gol, para a millora de instalación e fomentar durante o desenvolvemento dos encontros un ambiente máis distendido e ameno, así como xerar unha fonte de ingresos ao clube dada a visibilidade de publicidade de distintas empresas que aparecerán na mesma.

Indicarlle que a montaxe do citado video marcador deberá seguir as instrucións de montaxe do fabricante.

2.- Comunícaselle que unha vez instalado o citado video marcador, o clube deberá presentar as certificacións emitidas polo técnico competente, e visadas polo colexio profesional correspondente, de que a montaxe das estruturas necesarias, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e da instalación.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e dous de xaneiro de dous mil vinte e catro, ante min a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado pola Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa no que se solicita, autorización do uso do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para realizar unha proba física de resistencia esixida para un curso de Soldadura Acúatica, o vindeiro 25 de xaneiro as 10:00 horas. Así como a cesión do video-finish e a colaboración dun técnico/a que axude ao tribunal cualificador a valoración da citada proba. Asemade visto o informe do Sr. Directo Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, o uso do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para realizar unha proba física de resistencia esixida para un curso de Soldadura Acúatica, o vindeiro 25 de xaneiro as 10:00 horas

Comunicarlle que no relativo a cesión do video-finish e colaboración dun técnico/a, a Fundación pon a súa disposición o video-finish para o control da proba, pero non dispón de persoal que sepa manipular o citado medio audiovisual, polo que deberán solicitar o persoal cualificado a Federación Galega de Atletismo.

2.- Que tendo en conta que a citada Autoridade Portuaria colabora coas actividades organizadas pola Fundación de Deportes, procede a bonificación coa redución do 100% do prezo público para o uso da devandita instalación.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando



permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Así como lémbрасelle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte e catro, ante min a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vista e comprobada a documentación xustificativa presentada polos Clubes/Entidades Deportivas, que polo Consello Reitor en sesión con data 11/12/2023, se lles concedeu subvención, conforme ás bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2023, correspondente á Tempada 2021/22 ou, ano 2022, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 01/03/2023 e publicado o anuncio no B.O.P. con data 15/03/2023 e, que presentan correctamente a súa documentación nos prazos establecidos nas devanditas bases.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que comprobada a súa documentación xustificativa, presentan correctamente a súa documentación de acordo ás devanditas bases, con cargo á partida 342-483,00:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>IMPORTE</u>
CLUB BALONCESTO EL DOCE	375,76 .-
ASOCIACION DEPORTIVA AROUSA FÚTBOL 7	2.562,00 .-
CLUB SAN MARTIN	4.987,36 .-
CLUB VILAGARCIA TENIS DE MESA	<u>2.869,44 .-</u>
IMPORTE TOTAL	10.794,56 €

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e catro de xaneiro de dous mil vinte e catro, ante min a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativo á aprobación dun Contrato Menor de Publicidade e promoción institucional da Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía de Arousa a favor da Entidade Círculo Artístico Gato Negro de Carril, coa colocación dunha pancarta nas instalacións da entidade, dado que nas instalacións da citada Entidade se leva a cabo a actividade de Ximnasia Funcional ofertada dentro das Actividades do Programa Activo MAIOR mente, incluídas no Proxecto de Actividades Físico Deportivas para Adultos, da tempada 2023/24, co obxectivo de dar visibilidade a imaxe da Fundación e do Concello mentres se levan a cabo as diversas actividades ofertadas.

O orzamento do contrato sería por un importe total de 1.410,00 €, con un custo de 235,00 €/mes por ter presente nas instalacións da Entidade a devandita publicidade institucional, correspondendo ao ano 2024 (meses de xaneiro a xuño) o citado importe de 1.410,00 € (235,00 x 6 meses).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o Contrato Menor de Publicidade e promoción institucional da Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía de Arousa a favor da Entidade Círculo Artístico Gato Negro de Carril, coa colocación dunha pancarta nas instalacións da citada Entidade, co obxectivo de dar visibilidade a imaxe da Fundación e do Concello mentres se levan a cabo as diversas actividades ofertadas pola Fundación, por importe total de 1.410,00 €, con un custo de 235,00 €/mes durante os meses de xaneiro a xuño do presente ano, con cargo á partida 342-226,02.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.



Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte e catro, ante min a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta do Sr encargado do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, relativa á adquisición e colocación dunha liña de vida no Pavillón Municipal de Carril, para garantir a seguridade dos traballadores ao realizar os traballos de reparación da cuberta do devandito pavillón, dado que existen filtracións de auga que en tempos de choiva fai imposible os seu uso. Para a adquisición/subministro preséntanse, un só presuposto da empresa especializada no sector SERGAMA REPARACIONES DE ALTURA, S.L., por importe total de 2.976,14 € (I.V.E. incluído).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Adxudicar á empresa SERGAMA REPARACIONES DE ALTURA, S.L., a e colocación dunha liña de vida no Pavillón Municipal de Carril, para garantir a seguridade dos traballadores ao realizar os traballos de reparación da cuberta do devandito pavillón, dado que existen filtracións de auga que en tempos de choiva fai imposible os seu uso, a través dun contrato Menor de Subministros, e Servizos por importe de 2.976,14 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-609,00.

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE:

DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES	
OC: LA0003309	INTERVENCIÓN DELEGADA
OG: LA0003309	PRESIDENCIA
UT: LA0003309	ADMINISTRACIÓN

(Recoméndase que estes códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de



Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B
Praza Ravella nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Pontevedra)

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte e catro, ante min a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito da ANPA SAN MARTIÑO DE SOBRAN do CEIP de Vilaxoán no que solicita, autorización do uso do Pavillón Municipal de Faxilde, para poder recuperar as clases das actividades ofertadas polo ANPA o vinderio 12 de febreiro do presente ano de 10:30 a 13:30 horas. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á ANPA SAN MARTIÑO DE SOBRAN do CEIP de Vilaxoán, o uso en precario do pavillón Municipal de Faxilde, para poder recuperar as clases das actividades ofertadas polo ANPA o vinderio 12 de febreiro do presente ano de 10:30 a 13:30 horas.

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que a ANPA xa está facer uso da citada instalación para levar a cabo as actividades ofertadas pola mesma, quedandolles por presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para as citadas actividades e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes das devanditas actividades.

4.- Comunícaselles que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).



b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistas e comprobadas as solicitudes de inscrición presentadas a través da Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes, no catálogo de Procedementos 30007, para o 2º Curso de Actividades Físico Deportivas para Adultos, (xaneiro, febreiro e marzo) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, curso 2023/24, cun total de 471 solicitudes de inscrición, co desglose que a continuación se relaciona:

ACTIVIDADE	Nº ALUMNOS
PROGRAMA ACTIVO MAIORmente:	
- XIMNASIA FUNCIONAL	201
PROGRAMA VILAGARCIA EN FORMA:	
- XIMNASIA DE MANTEMENTO	86
- PILATES	195
- IOGA	118
- AEROBIC	36
- ESTIRAMENTOS E RELAXACIÓN	132

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto, no que sinala que se abriu un prazo extraordinario do 22 ao 31 de xaneiro do presente ano, nalgunhas das actividades ata cubrir as prazas ofertadas, dado que que non se cubriron a totalidade das mesmas e, no que se presentaron do 22 ao 26 de xaneiro do presente ano un total de 58 solicitudes de inscrición.

Asemade indica que se anula o grupo nº 1 de Aeróbic, por non chegar ao mínimo de participantes, conforme o establecido no Proxecto de Actividades Físico-Deportivas para Adultos, curso 2023/24, aprobado por Resolución do Sr. Presidente con data 20/09/2023:

Indica tamén que por Resolución do Sr. presidente con data 31/10/2023, adxudicóuselle á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor



BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as Actividades Físico Deportivas para Adultos, curso 2023/24, para un total de 600 participantes, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 3.000,00 €. (IVE incluído) con cargo á partida 342-224,00.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Aprobar as 471 solicitudes de inscrición para o 2º Curso das Actividades Físico Deportivas para Adultos,(xaneiro, febreiro e marzo) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, curso 2023/24, presentadas a través da Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes, no catálogo de Procedementos 30007, co seguinte desglose:

ACTIVIDADE	Nº ALUMNOS
PROGRAMA ACTIVO MAIORmente:	
- XIMNASIA FUNCIONAL	201
PROGRAMA VILAGARCIA EN FORMA:	
- XIMNASIA DE MANTEMENTO	86
- PILATES	195
- IOGA	118
- AEROBIC	36
- ESTIRAMENTOS E RELAXACIÓN	132

Así como, abrir un prazo extraordinario do 22 ao 31 de xaneiro do presente ano, ata cubrir as prazas ofertadas, dado que non se cubriron a totalidade das mesmas.

2.- Aprobar as 58 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes ofertadas, correspondente ao período do 22 ao 26 do presente mes.

3.- Non aprobar as solicitudes de inscrición na actividade de Aeróbic (grupo 1), por non alcanzar un número mínimo de participantes, dacordo co Proxecto de Actividades Físico-



Deportivas para Adultos, curso 2023/24, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 20/09/2023. Polo que se lles dá a opción de cambiar de grupo ou actividade e/ou solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado do prezo público para realizar as actividades sinaladas anteriormente, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica) ou de forma presencial nas oficinas da Fundación de Deportes, en horario de luns a venres, de 9:00-13:00 horas, facendo constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición.

4.- Faise constar que por Resolución do Sr. presidente con data 31/10/2023, adxudicóuselle á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as Actividades Físico Deportivas para Adultos, curso 20238/24, para un total de 600 participantes, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 3.000,00 €. (IVE incluído) con cargo á partida 342-224,00.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e catro, ante min a Secretaria Xeral, que Certifica.